

## INCREMENTO DA EFICIENCIA EN GANDERÍAS DE RUMINANTES E VALORIZACIÓN DOS SEUS PRODUTOS (MR331A FEADER 2022-005A)

O obxectivo principal do proxecto foi deseñar un plan de mellora integral para granxas de ruminantes, co fin de aumentar a súa eficiencia produtiva, económica e ambiental a través da implementación de tecnoloxías da información e comunicación (TIC) e novas prácticas de manexo. Para lograr este obxectivo, establecéronse e alcanzaron os seguintes obxectivos específicos:

- Optimización da alimentación: logrouse unha redución significativa dos custos de alimentación ao maximizar o consumo de forraxes propias da explotación. Esta mellora na eficiencia alimentaria incrementou a produtividade e diminuíu a pegada de carbono.
- Redución da pegada de carbono: realizouse un diagnóstico detallado da pegada de carbono de cada granxa, identificando aquelas con maiores emisións. Para estas explotacións, elaboráronse plans de mellora personalizados co fin de reducir o seu impacto ambiental. Esta acción non só contribúe á sustentabilidade, senón que tamén demostra que producir máis con menos recursos é posible e máis eficiente. O resultado foi dun 9,8 %.
- Mellora da biodiversidade: implementáronse prácticas que favoreceron a biodiversidade nas granxas, como o aumento da diversidade de especies vexetais e animais. Isto traducíuse nunha mellora da saúde do solo, unha maior resiliencia dos sistemas produtivos e unha mellor imaxe de marca para os produtos obtidos. Aínda queda moito que mellorar para pasar dun 41,7 a un 70 ou 90 %.
- Implementación dunha ferramenta TIC: desenvolveuse unha aplicación web que permitiu xestionar e analizar de maneira eficiente os datos de cada explotación. Esta ferramenta proporcionou a produtores unha información valiosa para tomar decisións e deseñar plans de mellora personalizados.